

ASEMBLEA A GAVELA 7 DE AGOSTO 2016

ASISTEN: Javi, Elsa, Xacobe, Belén, Uxío, Xaquín, David, Ánxeles

Acordouse facer a Orde do Día seguinte:

- 1.-Actualización de Altas e Baixas, tanto na rolda de correo como na web.
- 2.-Modificación do RRI: Asistencia mínima a asembleas e creación da posibilidade de acollerse a un "tempo de latencia"
- 3.-Calendario de visitas. Organización. Creación de grupos locais.
- 4.-Recepción de novxs membrxs.
- 5.-Etiquetas e dípticos.
- 6.-Acordo de prezos mínimos.
- 7.-Próxima asemblea.

1.-Altas e Baixas. Espazo para colaboracións.

- a) Fíxose un repaso do listado de persoas apuntadas na rolda de correo e elimináronse aquelas que non están participando no proxecto.
- b) Actualizouse a páxina web no apartado de membrxs xa que houbo proxectos que se deron de baixa e incluíronse os novos.

c) Espazo na web de colaboradorxs:

Acordouse crear este espazo onde inserir membrxs que non participan como proxecto no spg pero si queren colaborar, poden sumarse as visitas ou colaborar con algunha comisión. Neste espazo entrarían Pequeno e Estela e a Horta de Paco, por exemplo.

2.-Modificación do RRI: Asistencia mínima a asembleas e creación da posibilidade de "tempo de latencia".

Co obxectivo de facilitar a participación acordamos modificar a asistencia mínima obrigatoria as asembleas. Actualmente fixamos a asistencia a 3 das catro asembleas anuais. Coa modificación proposta quedaría a obriga reducida a asistencia a 2 asembleas no ano.

Acordamos crear o **espazo de "tempo latencia"** ao que poidan acollerse os proxectos que temporalmente non poden estar activos ou participar. Non se darían de baixa e cumprían as seguinte condicións:

- O tempo de latencia non pode ser superior a un ano.
- Poden acceder a el os proxectos que levan como mínimo un ano participando.
- Son visitados pola comisión de verificación.
- Poderían utilizar o selo durante ese tempo se a verificación se mantén positiva.
- Pagarían a cota anual.
- Quedarían exentos durante o tempo de latencia do resto das obrigas de participación.

3.-Calendario de visitas. Organización. Creación de grupos locais. Fichas de verificación.

Nota

Esta proposta entraría en vigor unha vez rematado o calendario actual de visitas que deberáse cumprimentar tal como está. Comezaríamos o ano próximo, a partir de xaneiro, a facer a verificación coa nova proposta.

Co obxectivo de facilitar o proceso das visitas de verificación organizamos os membros de A Gavela por proximidade xeográfica resultando os seguintes grupos:

1-Nigrán-Vigo: (Este equipo queda máis numeroso porque Vigo quedarían só con 2 proxectos e ambos os dous son comercios)

Horta do Val, Fontedouro, Ecoenvío, Des Pensa, Amoriños, Árbore, Aldea Coop

2-Redondela:

Recuncho Verde, Froitas da Casa, Horta do Cadaval.

3-Ponteareas:

Cesta Fresca, Raiceira, Marcos García.

4-0 Morrazo:

Verxel de Coiro, Danosahorta, Criscampo

5-Fondo do Morrazo

A Veiga do Palheiro, Preiriña, Abreavella

Cada grupo ponse de acordo en visitarse entre sí, podendo, se así o deciden, facer todas as visitas nun día xa que a proximidade dos proxectos facilita os desprazamentos e os contactos entre os mesmos. Queda por tanto á liberdade de cada grupo organizarse para as verificacións.

Cada ano rotaríanse os grupos locais, de xeito que todos percorran todos os proxectos.

Tería tamén o grupo local a función de "amadriñar" os proxectos novos que pertencen á súa zona xeográfica. Acordar a primeira visita e guiar a entrada do novo proxecto.

Creemos que esta nova organización pode axudar e facilitar as visitas de verificación.

O proxecto visitado é o responsable de descargar a ficha de visita e de cubrila o que servirá tamén como autoavaliación do proxecto. Logo, unha vez se realice a visita íranse comprobando-explicando os diferentes apartados, pero coa ficha xa cuberta.

Fichas de verificación: espazo de autoavaliación da participación

No encabezado das fichas de verificación propónse engadir un espazo de autoavaliación da participación que inclúa os seguintes apartados:

- Asistencia a asembleas.
- Visitas realizadas
- Participación en comisións
- Outras actividades de colaboración.

**Nota: as follas de visita poderán descargarse da web en formato aberto para ser cubertas no computador (agora están en pdf polo que non se poden modificar), enviaranse como arquivo adxunto. Como vemos, as primeiras fichas cubertas a man e escaneadas quedan ilexibles.*

4.-Recepción de novos membros.

Organización da entrada na Gavela de novos proxectos.

Pasos a seguir para formar parte de A Gavela:

1. Solicitar a entrada: poñerse en contacto por medio do enderezo da web.
2. Pasárase o contacto do novo proxecto ao grupo local de verificación máis próximo ao mesmo, que se encargará de "amadriñar" ao novo.
3. O grupo local de verificación facilitará ao novo membro unha folla de recepción cun resumo do xeito de participar na Gavela (a folla de recepción está pendente de elaborar) Explícaselle o RRI e infórmase do funcionamento xeral.
3. O novo participante cobre a ficha de verificación do seu proxecto e asina un compromiso de participación.

4. Acordase a visita co grupo local correspondente.

A comisión de verificación local envía a folla cuberta á persoa encargada de subila á páxina web (David). Na seguinte asemblea se aproba ou non a entrada do proxecto. Se é admitido súbese a fcha de verificación á páxina á web e dáselle entrada ao novo membro na rolda de correo e na páxina como membro (terá que enviar foto e pequena descrición do proxecto para o espazo na web).

4.-Etiquetas e dípticos.

Hai unha caixa con etiquetas e dípticos sen repartir.

Acordamos poñernos en contacto cos membros a través da rolda de correo para que a xente que as precise as solicite.

5.-Acordo de prezos mínimos. Elaboración da táboa de prezos

Elaborouse unha táboa de prezos mínimos para produtos de horta. Adxúntase coa acta. Se ben, pensamos que, ao non estar presentes na asemblea todas as persoas implicadas, para a próxima xuntanza trataremos este punto de xeito que, se alguén ten algunha suxerencia concreta sexa recollida.

6.-Próxima asemblea.

Queda fixada para o domingo 6 de novembro, en Vincios, casa de David, ás 11:00.